



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a las actuaciones previstas a medio y largo plazo por parte de la Autoridad Portuaria en relación con las alteraciones de las corrientes y su acción sedimentaria en las playas próximas al Puerto Exterior de A Coruña.**

La Autoridad Portuaria de A Coruña anunció el 14 de mayo la licitación para la contratación de las obras de aportación de arena en la playa de Barrañán en Arteixo, con un presupuesto total de 148 000 euros. Esta acción se enmarca en el seguimiento de las playas afectadas por la alteración de las corrientes y el transporte de sedimentos como consecuencia de la construcción del Puerto Exterior de Punta Langosteira.

En efecto, está constatándose un importante impacto en los distintos arenales de la zona. En el caso de la playa de Repibelo, cercana a la playa de Sabón, se ha detectado un incremento de cantos rodados de gran tamaño debido al movimiento de arena con las mareas. Se espera que sean retirados a la zona alta y se abra el paso hacia la orilla del mar.

La playa de Barrañán también está sufriendo una disminución importante de arena, por lo que se prevé su relleno, como se mencionó anteriormente. Una dinámica que se repite en las playas de A Hucha y O Reiro donde solo quedan piedras desnudas, pero para las que no hay previstas actuaciones este año y para las que el Concello ha renunciado a pedir la bandera azul. En la playa de Sabón ocurre lo contrario, la arena se acumula más de lo habitual y va ganando espacio.

Por tanto, ha quedado demostrado que la construcción del dique de abrigo del puerto exterior está generando un proceso de circulación de arena que se acumula en Sabón y desaparece del resto de playas cercanas. De este modo, la propia Autoridad Portuaria ha declarado que se está estudiando todo el sistema arenoso y que se ha consensuado una



actuación global en toda la zona entre las diferentes administraciones públicas implicadas, a saber, Ministerio, Xunta y Concello. El objetivo es realizar «un diagnóstico de los mecanismos antrópicos e hidrodinámicos» responsables de la situación sedimentaria en el tramo costero cercano al puerto de Punta Langosteira, así como un pronóstico de su evolución futura. Este estudio parece que se ampliará a las playas de O Reiro hasta el contradique, si bien no se excluye estudiar actuaciones más allá de dicho espacio si fuera necesario.


**Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿En qué consiste el estudio sobre dinámica de mareas anunciado por la Autoridad Portuaria y cambios sedimentarios tras la construcción del Puerto Exterior de A Coruña? ¿Qué empresa u organismo está desarrollando estas acciones? ¿Cuánto tiempo lleva haciendo estas observaciones?
2. ¿Si se confirma que, como parece evidente, se está produciendo un cambio en el aporte de sedimentos a las playas que desplaza la arena hasta acumularla en Sabón, cuál es el plan de acción o posibles medidas a implementar a medio-largo plazo?
3. ¿Se limitará al relleno sistemático anual de las arenas para la temporada de verano o se prevé formular actuaciones de más calado? ¿De ser así, cuáles son esas posibles acciones?
4. ¿Disponen de estudios que analicen no solo las corrientes sedimentarias sino también otras posibles alteraciones en los ecosistemas marinos derivadas de estas como el aporte de nutrientes, el impacto sobre especies de flora o fauna presentes en playas y rocas, etc.?
5. ¿En caso negativo, prevén que se soliciten nuevos estudios de carácter integral?

Madrid, a 24 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



## Sobre as actuacións da Autoridade Portuaria da Coruña ante as alteracións na acción sedimentaria

|                 |                                                                                                   |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Competencia     | Otros Expedientes                                                                                 |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas as actuacións previstas a medio e largo prazo por parte da Autoridade Portuaria en relación coas alteracións nas correntes e na súa acción sedimentaria nas praias próximas ao Porto Exterior da Coruña.**

A Autoridade Portuaria da Coruña anunciaba o 14 de maio a licitación da contratación das obras para a achega de area na praia de Barrañán en Arteixo, cun orzamento total de 148.000 euros. Esta actuación está enmarcada no seguimento sobre as praias afectadas pola alteración nas correntes e no transporte de sedimentos consecuencia da construción do Porto Exterior de Punta Langosteira.

Efectivamente, está a constatare un importante impacto nos distintos areais da zona. No caso da praia de Repibelo, próxima ao areal de Sabón, detectouse un incremento de cantos rodados de gran tamaño pola marcha de area coas mareas. Prevese que sexan retirados até a zona alta, e abrir o paso até a beiramar.

A praia de Barrañán tamén sofre unha importante diminución da area, motivo polo que se prevé o seu recheo, antes comentado. Unha dinámica que se repite nas praias da Hucha e do Reiro onde tamén restan só pedras espidas, pero as que non se prevé, neste ano, actuacións e nas que o Concello renunciou a pedir a bandeira azul. Na praia de Sabón sucede o contrario, a area acumúlase máis do que viña sendo habitual e está a ver ampliado o seu espazo.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 MAY. 2025 12:49:39

Entrada **69625**



Quedou, por tanto demostrado que a construción do dique de abrigo do porto exterior está a xerar un proceso de circulación de area que queda acumulada en Sabón ao tempo que se retira do resto de praias próximas. Así, a propia Autoridade Portuaria declarou que está a estudarse todo o sistema de areas e acordar entre as distintas Administracións públicas implicadas, Ministerio, Xunta e Concello, unha actuación global en todo o ámbito. Preténdese realizar “un diagnóstico dos mecanismos antrópicos e hidrodinámicos” responsábeis da situación sedimentaria no tramo costeiro próximo ao porto de Punta Langosteira, así como un prognóstico da evolución futura. Este estudo parece que se estenderá entre as praias do Reiro até o contradique, mais tamén di que non se exclúe estudar actuacións fora dese espazo se for preciso.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. En que consiste o estudio sobre as dinámicas das mareas anunciado pola Autoridade Portuaria e os cambios sedimentarios despois da construción do Porto Exterior da Coruña? Que empresa ou organismo está a desenvolver estas actuacións? Canto tempo leva realizando as observacións?
2. De confirmarse que, como parece evidente, se está a producir un cambio na achega de sedimentos nas praias que despraza a area até acumulala na de Sabón, cal é o plan de actuación ou as posíbeis medidas a pór en marcha a medio longo prazo?
3. Limitarase ao recheo sistemático anual dos areas para a temporada de verán ou prevé formular accións de máis calado? De ser así, cales son esas posíbeis actuacións?
4. Ten estudos que analicen non só as correntes sedimentarias senón outras posíbeis alteracións nos ecosistemas mariños derivados destes



como a chegada de nutrientes, a afectación a especies de flora ou fauna presentes nas praias e rochedos, etc?

5. En caso negativo, prevé que se soliciten estes novos estudos de carácter integral?

Madrid, a 24 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**